

5.3 O organismo notificado que verifique a realización levará a cabo auditorías periódicas para se asegurar de que se cumpre o disposto neste real decreto, e presentará, con ocasión delas, un informe de auditoría aos profesionais encargados da realización. Poderá exixir ser convocado en determinadas fases da obra.

5.4 Por outra parte, o organismo notificado poderá visitar sen aviso previo as obras ou os talleres de fabricación. Con ocasión destas visitas, poderá efectuar auditorías completas ou parciais. Facilitaralles un informe da visita e, de ser o caso, un informe da auditoría aos profesionais encargados da realización.

6. Presentación. O expediente completo a que se refire o punto 4 presentárase, en apoio do certificado de conformidade expedido polo organismo notificado encargado da verificación do subsistema en condicións de funcionamento, ante a entidade contratante ou o seu mandatario establecido na Unión Europea. O expediente xuntaráse á declaración "CE" de verificación que a entidade contratante remitirá á autoridade de tutela do Estado membro de que se trate.

A entidade contratante conservará unha copia do expediente durante toda a vida útil do subsistema. O expediente será remitido aos demais Estados membros que o soliciten.

7. Publicación. Todos os organismos notificados publicarán, con carácter periódico, a información pertinente relacionada:

- a) Coas solicitudes de verificación "CE" recibidas.
- b) Coas declaracións intermedias de verificación (DIV) expedidas ou denegadas.
- c) Cos certificados de conformidade expedidos ou denegados.

8. Lingua. Os expedientes e a correspondencia relacionados cos procedementos de verificación "CE" redactaranse en castelán.»

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español o establecido na Directiva 2007/32/CE da Comisión, do 1 de xuño de 2007, pola que se modifica o anexo VI da Directiva 96/48/CE do Consello, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo de alta velocidade, e o anexo VI da Directiva 2001/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á interoperabilidade do sistema ferroviario transeuropeo convencional.

Disposición derradeira segunda. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 8 de febreiro de 2008.—A ministra de Fomento, Magdalena Álvarez Arza.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2676 *ORDE APA/334/2008, do 6 de febreiro, pola que se modifica a Orde APA/2555/2006, do 27 de xullo, pola que se establece o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carne e produtos cárnicos, en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. («BOE» 40, do 15-2-2008.)*

Tras a entrada en vigor da Orde APA/2555/2006, do 27 de xullo, pola que se establece o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carne e produtos cárnicos, en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e unha vez transcorrido o período necesario para a adaptación dos sectores implicados, evidenciouse a necesidade de modificar a dita orde, para simplificar e flexibilizar os requisitos documentais establecidos nela e adaptalos aos diferentes niveis de exixencia dos diferentes certificados sanitarios oficiais de exportación a países terceiros.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/2555/2006, do 27 de xullo, pola que se establece o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carne e produtos cárnicos, en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

A Orde APA/2555/2006, do 27 de xullo, pola que se establece o procedemento para a emisión do certificado sanitario oficial de exportación de carne e produtos cárnicos, en materias competencia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, modifícase como segue:

Un. Engádese un novo número 5 no artigo 4, co seguinte contido:

«5. Se o solicitante é un ente público e a exportación se realiza no ámbito dos programas de axuda humanitaria, o dito organismo quedará eximido dos requisitos establecidos nas letras a) e b) do número 3.»

Dous. O artigo 5 substitúese polo seguinte:

«Artigo 5. *Tramitación.*

1. Tras a presentación da solicitude ou, se é o caso, xunto con esta, o exportador deberá presentar no Servizo de Inspección de Sanidade Animal da delegación ou subdelegación do Goberno correspondente a documentación necesaria para efectuar a inspección veterinaria que se establece no número 2, cunha antelación mínima á data prevista de inspección dun día hábil se a inspección se realiza no dito servizo, ou de tres días hábiles se é necesario o desprazamento do veterinario oficial para efectuar a inspección da partida.

2. A documentación que deberá presentar o exportador será a seguinte:

a) En todos os casos, deberá presentar a declaración expresa, segundo o modelo do anexo III, pola que manifieste coñecer os requisitos contidos no certificado sanitario oficial de exportación solicitado e declare que a carne ou produtos cárnicos exportados cumpren cos ditos requisitos, de acordo coa información que ten á súa disposición.

Como base para expedir a súa declaración expresa, o exportador deberá dispoñer da información pertinente, a través dun sistema de rastrexabilidade en que deberán estar incluídos os establecementos cárnicos (matadoiros, salas de despezamento, industrias cárnicas etc.) que interviñesen na elaboración e almacenamento da partida de carne ou produtos cárnicos que se van exportar e as explotacións gandeiras de orixe dos animais dos cales se obtivese a dita partida, segundo proceda, de acordo co indicado no anexo I.

A información mínima de que deberá dispoñer o exportador a través do citado sistema de rastrexabilidade dependerá da natureza dos requisitos contidos nos certificados sanitarios oficiais de exportación que solicite, segundo o indicado no anexo II.

A documentación acreditativa desta información seralle exigible ao exportador, no marco do Plan de controis previsto no artigo 7. Para tal efecto, os titulares das explotacións gandeiras incluídas no sistema de rastrexabilidade deberán poder acreditar, por calquera medio válido, incluídas declaracións específicas, o cumprimento dos requisitos de exportación que lles sexan de aplicación.

b) Cando o certificado solicitado conteña algún requisito que sexa competencia da autoridade de saúde pública, deberá presentar a documentación que determine a dita autoridade, para acreditar que a carne ou produtos cárnicos destinados á exportación cumpren cos requisitos sanitarios exixidos que sexan da súa competencia.

No caso dos certificados sanitarios oficiais de exportación xenéricos, mencionados no artigo 3.2, non será exigible a documentación prevista no parágrafo anterior, ao non facer referencia expresa a aspectos de saúde pública.

3. A Dirección Xeral de Gandaría poderá establecer un sistema que permita que a documentación mencionada no número 2 sexa presentada nalgún formato electrónico».

Tres. O artigo 6.1 substitúese polo seguinte:

«1. Tras a realización das oportunas inspeccións, controis e comprobacións, o veterinario oficial expedirá ou denegará o correspondente certificado sanitario oficial de exportación, segundo proceda, no prazo máximo dun día hábil, que se poderá ampliar a dous días hábiles por razóns debidamente xustificadas»

Catro. O artigo 7 substitúese polo seguinte:

«Artigo 7. *Controis.*

1. A veracidade das declaracións presentadas polos exportadores estará suxeita a control por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A Dirección Xeral de Gandaría aprobará un plan de controis, dirixido a verificar os datos presentados nas declaracións expresas emitidas polos exportadores. Para iso, o exportador deberá conservar a información sobre os aspectos contidos na súa declaración expresa, ben directamente ou ben a través doutros operadores que el mesmo designe, durante un período mínimo de tres anos, e deberalle facilitar ao veterinario oficial a documentación que acredite a veracidade da súa declaración, segundo o indicado no anexo II, sempre que lle sexa requirido dentro do devandito prazo.»

Cinco. O número 1 do artigo 8 substitúese polo seguinte:

«1. En caso de que se comprobe que algún dos datos consignados na declaración, ou na información que serviu de base para a expedición da declaración, conforme o previsto no artigo 5, fosen inexactos, incorrectos ou falsos, o exportador asumirá a responsabi-

dade patrimonial administrativa que poida derivar diso, cando así o exixa o país destinatario das carnes ou produtos cárnicos, ou con respecto á persoa ou persoas, físicas ou xurídicas, do país destinatario, ás cales se subministraron as carnes ou produtos cárnicos, sen prexuízo do posterior exercicio polo exportador, se é o caso, das accións que poidan corresponder fronte ao emisor da declaración ou ao subministrador da información de que se trate, e con independencia doutras responsabilidades que poidan derivar en tal caso»

Seis. Os anexos substitúense polos contidos no anexo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de febreiro de 2008.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

ANEXO I

Información que deberá conter o sistema de rastrexabilidade á disposición do exportador

A. Información de rastrexabilidade dos establecementos cárnicos.

O sistema de rastrexabilidade conterá, polo menos, a seguinte información respecto aos establecementos cárnicos que interviñesen na produción e elaboración da carne e/ou produto cárnico que se vai exportar:

1. N.º de referencia de rastrexabilidade (1).
2. Datos da empresa.

Nome e razón social da empresa.

NIF/CIF da empresa.

Tipo de actividade do establecemento (deberase dispoñer da información relativa a cada actividade).

Número do Rexistro xeral sanitario de alimentos do establecemento.

3. Datos da persoa responsable na empresa.

Nome e apelidos.

DNI.

Cargo na empresa.

4(a). Datos dos animais sacrificados (no caso dos matadoiros).

Especie.

Número de animais.

Data de sacrificio.

Número documento de acompañamento dos animais no momento da súa entrada ao matadoiro.

Lote sacrificio (nas especies diferentes do vacún) ou códigos de identificación das canais (no caso do vacún).

Explotacións gandeiras de orixe dos animais sacrificados (titular, domicilio e n.º de código REGA).

4(b). Datos da materia prima empregada na elaboración da partida expedida (no caso dos establecementos cárnicos con actividades diferentes da de matadoiro).

Datos do establecemento ou establecementos subministradores: tipo de actividade, domicilio industrial e número do Rexistro xeral sanitario de alimentos.

Tipo de mercadorías subministradas, peso e, se é o caso, número de pezas.

Número de lote de produción do establecemento subministrador

Número de documento comercial de acompañamento da mercadoría subministrada.

(1) Tratarase dun número de referencia único, asignado polo establecemento declarante, segundo o seu sistema de rexistro, que permitirá seguir a rastrexabilidade dos lotes producidos ou elaborados.

Códigos de identificación das canais de vacún (cando o establecemento subministrador sexa un matadoiro de vacún).

5. Datos da partida expedida.

Descrición da mercadoría expedida.

Peso e, se é o caso, número de pezas.

Data de elaboración.

Número de lote de produción.

Data de expedición.

Número do documento comercial de acompañamento.

6. Datos do establecemento de destino (2).

Nome.

Tipo de actividade (sala de despezamento, industria cárnica, etc.)

Domicilio industrial

Número do Rexistro xeral sanitario de alimentos.

9. Sinatura, selo ou outro medio de autenticación.

B. Información das explotacións gandeiras de orixe dos animais.

1. Datos da explotación.

Domicilio.

Código da explotación (Número REGA)

2. Datos do titular da explotación.

Nome e apelidos

DNI.

3. Declaración sobre os requisitos de exportación relativos á explotación e/ou aos animais (3).

4. Sinatura, selo ou outro medio de autenticación.

ANEXO II

Información da que deberá dispoñer o exportador para acreditar os aspectos recollidos nas súas declaracións expresas

O exportador deberá dispoñer de información sobre a partida que se vai exportar que lle permita coñecer se esta cumpre os requisitos contidos nos certificados sanitarios oficiais de exportación que solicite.

A información necesaria en cada caso dependerá da natureza dos ditos requisitos.

A Dirección Xeral de Gandaría asignará cada un dos requisitos contidos nos modelos de certificado sanitario oficial de exportación oficialmente acordados a unha das clases que se describen a continuación, e comunicará os polos medios oportunos.

Requisitos de clase I.

Para coñecer se se cumpren estes requisitos, o exportador deberá dispoñer de información que lle permita identificar as explotacións gandeiras de orixe dos animais dos que se obtivo a carne ou produto cárnico que se vai exportar, e dispoñer de información específica sobre as ditas explotacións e/ou animais.

A documentación que será exixible ao exportador para acreditar o cumprimento destes requisitos, dentro do plan de controis previsto no artigo 7, é a seguinte:

Documentación sobre a rastrexabilidade da partida de carne ou produto cárnico exportado, que conteña a información prevista no anexo I e permita identificar todos os establecementos cárnicos que interviñesen na elaboración da dita partida e as explotacións gandeiras de orixe dos animais dos que se obtivo.

(2) Cando se trate dunha partida que se destine directamente á exportación, en lugar dos datos do establecemento de destino constarán os datos da empresa exportadora.

(3) Cando sexa necesario en virtude da natureza dos requisitos, segundo o indicado no anexo I.

Documentación acreditativa da rastrexabilidade aplicada nos establecementos cárnicos, de acordo co previsto no anexo I.

Documentos comerciais e, se é o caso, guías de orixe e sanidade pecuaria que ampararon os intercambios.

Acreditación documental do cumprimento dos ditos requisitos por calquera medio válido, incluídas as declaracións específicas dos gandeiros.

Requisitos de clase II.

Respecto a estes requisitos, o exportador deberá dispoñer de información que lle permita identificar as explotacións gandeiras de orixe dos animais de que se obtivo a carne ou produto cárnico que se vai exportar e, se é o caso, dunha certificación oficial sobre os ditos requisitos.

A documentación exixible ao exportador para acreditar o cumprimento destes requisitos, dentro do plan de controis previsto no artigo 7, será a seguinte:

Documentación sobre a rastrexabilidade da partida de carne ou produto cárnico exportado, que conteña a información prevista no anexo I e permita identificar todos os establecementos cárnicos que interviñesen na elaboración da dita partida e as explotacións gandeiras de orixe dos animais dos cales se obtivo.

Documentación acreditativa da rastrexabilidade aplicada nos establecementos cárnicos, de acordo co previsto no anexo I.

Documentos comerciais e, se é o caso, guías de orixe e sanidade pecuaria que ampararon os intercambios.

Cando a orixe sexa outro Estado membro da UE ou un país terceiro, e a información dispoñible non sexa concluínte, certificado oficial das autoridades do país de orixe.

Requisitos de clase III.

En relación con estes requisitos, o exportador deberá dispoñer de información que lle permita identificar os establecementos de orixe da carne ou produto cárnico que se van exportar e, se é o caso, dunha declaración específica do establecemento elaborador.

A documentación que lle será exixible ao exportador, dentro do plan de controis previsto no artigo 7, en relación co cumprimento destes requisitos, será a seguinte:

Documentación sobre a rastrexabilidade da partida de carne ou produto cárnico exportado, que conteña a información prevista no anexo I, que permita identificar o establecemento ou establecementos que interviñesen na elaboración da dita partida, segundo proceda.

Documentación acreditativa da rastrexabilidade aplicada nos establecementos cárnicos, de acordo co previsto no anexo I.

Documentos comerciais e, se é o caso, guías de orixe e sanidade pecuaria que ampararon os intercambios.

Cando se trate de requisitos referidos á situación sanitaria da rexión ou zona onde se atopan situados os establecementos de orixe, sobre a cal non exista un rexistro oficial, declaración específica emitida polos ditos establecementos.

Cando se trate de requisitos referidos a aspectos técnicos do sacrificio ou a elaboración da carne e os produtos cárnicos exportados, que non se estean necesariamente incluídos no cumprimento da lexislación comunitaria, declaracións específicas emitidas polos ditos establecementos de orixe.

Requisitos de clase IV.

Nesta clase inclúense os requisitos cuxo cumprimento quede implícito no cumprimento da normativa comunitaria do ámbito de competencias do MAPA. Estes requisitos poden ser certificados directamente polo veterinario oficial, cando se teña constancia de que as carnes ou produtos cárnicos que se van exportar son aptos para o comercio intracomunitario.

No plan de controis previsto no artigo 7 non será exixible ningunha documentación adicional en relación co cumprimento destes requisitos.

ANEXO III

DECLARACIÓN DO EXPORTADOR

Número de referencia ⁽⁴⁾:

Datos da empresa declarante:

Nome, razón social:

NIF/CIF:

Datos da persoa asinante:

Nome e apelidos

DNI

Cargo na empresa

Segundo escritura outorgada ante o notario do colexio de

D/D^a

o día..... de..... de....., baixo o nº..... do seu protocolo.

Datos da partida exportada:

Número ou referencia da partida ⁽⁵⁾Composta de ⁽⁶⁾Números de lote de fabricación ⁽⁷⁾Destinada a ser exportada a ⁽⁸⁾

Información de rastrexabilidade sobre a partida exportada:

Partida exportada	Información sobre o establecemento provedor ⁽⁹⁾				
	Denominación produto	Peso neto (kg)	Razón social e nº RXSA do establecemento	Tipo de actividade (matadoiro, sala de despezamento etc.)	Código de rastrexabilidade ⁽¹⁰⁾ .

Quen asina, con capacidade xurídica e de obrar suficiente para este acto, no seu propio nome ou en representación da empresa, e con relación á partida arriba indicada,

DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Coñecer os requisitos exixidos por..... (país de destino) segundo o modelo establecido ASE-.....
2. Posuír un sistema de identificación e rexistro á disposición dos servizos veterinarios oficiais para o seu control, que garante a rastrexabilidade do proceso produtivo de acordo co establecido no artigo 18 do Regulamento (CE) nº 178/2002
3. Que, de acordo cos documentos e información dispoñibles, a carne ou produtos cárnicos que se van exportar cumpren os requisitos indicados no punto 1.

⁴ Número de referencia único, asignado polo exportador a cada unha das súas declaracións, segundo o seu sistema de rexistro. Se a declaración consta de varias páxinas, deberá figurar en cada unha delas.

⁵ Indicar o número de referencia da partida comercial exportada.

⁶ Tipo(s) de produto(s) exportado(s) e cantidade (peso e, se é o caso, número de pezas) de cada un.

⁷ Indicar o número (ou números) de lote de produción ou fabricación do produto (ou produtos) exportados

⁸ País e datos da empresa de destino.

⁹ Indicar os datos do establecemento desde o que se despacha a partida destinada directamente á exportación

¹⁰ Número de referencia único, asignado polo establecemento provedor, segundo o seu sistema de rexistro, que permitirá seguir a rastrexabilidade dos lotes producidos ou elaborados.

4. Que, de acordo cos documentos e información dispoñibles, a carne ou produtos cárnicos que se van exportar proceden de explotacións e animais orixinarios dos seguintes territorios administrativos¹¹.»:

.....
5. Que a información relativa á rastrexabilidade do proceso produtivo, así como ás explotacións e aos animais a partir dos cales se obtivo a carne ou produtos cárnicos que se van exportar está á disposición das autoridades competentes.
6. Que son certos os datos consignados nesta declaración, e que reúne por iso a partida os requisitos exixidos e que se compromete a probar documentalmente, cando lle sexa requirido, todos os datos que figuran nela.

A autorización de exportación da partida, en caso de que algún dato declarado fose incorrecto, falso ou inexacto suporá a asunción das responsabilidades correspondentes previstas na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal e demais normativa aplicable, incluídas as sancionadoras.

E, para que así conste, asina esta declaración en..... o de..... de.....

Asdo:

(Selo)

Documentación que se achega a esta declaración¹².

Tipo de documento	Nº referencia.

¹¹ Indicar os territorios de orixe (país, comunidade autónoma, rexión, provincia, municipio, etc.).

Cubrir só cando o certificado solicitado conteña algún requisito incluído na clase II do anexo I, e a orixe xeográfica dos animais non se especifique no dito certificado.

¹² De acordo co indicado no artigo 5, número 2 b) desta orde.